

# Dereitos e liberdades na Galiza

## RESUMO DE NOTÍCIAS 1º trimestre 2015

---

PROTESTAS EN COMPOSTELA POLA PRESENZA DE MERKEL

### **Abertas dilixencias xudiciais contra tres activistas anti-troika**



06/01/2015

Con «estupor e preocupación» reaccionaron no BNG ao coñecer que tres dos seus dirixentes deberán responder nos xulgados e pola vía penal por participaren na concentración de protesta do pasado 25 de agosto en Compostela pola visita da chanceler alemá xunto con membros de diferentes colectivos (emigrantes retornados, preferentistas, sindicalistas da CIG,..).

<http://esculca.gal/web/node/4609#.VT-Z0ZPdWnM>

INFORMAN ACTIVISTAS DA CACT

### **Ingresado no Hospital Provincial interno na Lama en folga de fame**



06/01/2015

Segundo informa o colectivo *Galiza-Sur da Coordinadora Anticarceraria Cárcere=Tortura* (CACT), JGC, preso no cárcere da Lama que iniciou unha folga de fame o 12 de para denunciar a ineficacia sanitaria na cadea, a arbitrariedade á hora de quitar permisos e as coaccións e malos tratos que sofre a poboación reclusa, foi ingresado no Hospital Provincial en perigo de morte.

<http://esculca.gal/web/node/4611#.VT-Z7JPdWnM>

CONTRA A COLOCACIÓN DO BARCO ALFAGEME

## **Identificadas, fotografadas, multadas e detidas persoas que protestan en Coia**



07/01/2015

Foi posto en liberdade con cargos o activista da Asemblea Aberta de Coia detido na cuarta feira durante o protesto na rotunda da Av. Castelao. Segundo informaron fontes veciñais o activista enfrontará na xornada de mañá (8 de xaneiro) un xuízo rápido acusado de "atentado á autoridade". A asemblea convoca unha concentración de apoio ás 11:45 nos xulgados de Vigo.

<http://esculca.gal/web/node/4612#.VT-aGpPdWnM>

"O OBXECTIVO É METER MEDO E LIMITAR DEREITOS"

## **EsCULcA participa en conferencia de prensa con activistas anti-troika**



10/01/2015

Os 5 activistas que deben responder ante a xustiza, pola vía penal, da súa participación na protesta do último 25 de agosto contra a visita da chanceler alemá Angela Merkel a Compostela e a vice-presidenta de EsCULcA, Yolanda Ferreiro, criticaron que a chamada lei mordaza ampare as "denuncias falsas" en conferencia de prensa celebrada o pasado día 9 de xaneiro.

<http://esculca.gal/web/node/4613#.VT-aNZPdWnM>

AINDA ASÍ A AN ARQUIVA O CASO

## **Xuíz da Audiencia Nacional considera probados os voos da CIA en Vigo**



13/01/2015

Maxistrado da AN ve probado que no aeroporto de Peinador de Vigo e noutras 9 cidades aterraron os chamados «jets da tortura». Trátase dos supostos voos secretos en que a axencia de espionaxe norteamericana CIA trasladou ao cárcere de Guantánamo sospeitosos de terrorismo ou combatentes inimigos capturados nas guerras de Afganistán e Iraq, entre 2002 e 2005.

<http://esculca.gal/web/node/4621#.VT-aTJPdWnM>

CAMPAÑA DE ACOSO, DETENCIÓN E DESCRÉDITO

## **De Lara declara testemuña protexida o xefe de bioloxía do Acuario da Coruña**



14/01/2015

Testemuña protexida. Así declara a xuíza Pilar de Lara o xefe de bioloxía do acuario da Coruña que denunciou sufrir acoso laboral e persoal no Concello da Coruña, de maneira máis agravada após a súa declaración en sede xudicial polo caso Pokemon. Tamén foi vítima de "detención inxustificada" (Policia Local de Ferrol) e de campaña de descrédito (La Voz de Galicia).

<http://esculca.gal/web/node/4623#.VT-aapPdWnM>

PERCORRERÁ OS CÁRCERES ESTE FIN DE SEMANA

## **Nova "Marcha ás cadeas" en apoio de persoas independentistas presas**



16/01/2015

Na noite desta sexta feira ao sábado varios auto-carros partirán de Galiza con destino a cadeas españolas onde presos independentistas cumpren condena ou ben están á espera de xuízo. É a 'Marcha ás Cadeas' que organiza 'Que Voltem para a Casa' e que neste 2015, sob o lema '2015: remata com a disperssom, traze-l@s para a casa!', chega a sua nona edición.

<http://esculca.gal/web/node/4629#.VT-ak5PdWnM>

COLABORAN VOLTA-E-DALLE E EsCULcA

## **Dura Lex Pro 1.0: monólogo e coloquio. Dia 22 no Teatro Principal de Pontevedra**



16/01/2015

A quinta-feira 22 o Teatro Principal de Pontevedra acollerá a representación de *Dura Lex Pro 1.0*, un monólogo cómico sobre o sistema xudicial de Carlos Santiago interpretado por Pepe Penabade. A arrecadación da billeteira será para EsCulca, que a destinará a axudar a pagar os custos xudiciais de movementos sociais penados por exercer o seu dereito á manifestación.

<http://esculca.gal/web/node/4630#.VT-asZPdWnM>

ATESTADOS "CHEOS DE FALSIDADES"

## **Catro persoas a xuízo por se oporen ao despexo dunha familia en Compostela**



16/01/2015

As 4 están acusadas de resistencia e desobediencia á autoridade cando tentaban evitar que unha familia de Arins (Compostela) fose expulsada da casa onde vivían, construída por eles mesmos. Ducias de antidisturbios participaron no operativo nunha xornada en que, para apoiar á familia, case un cento de solidari@s se concentraron preto da vivenda. Outras 2 foron multadas.

<http://esculca.gal/web/node/4632#.VT-a1JPdWnM>

EN CAUSA AXENTES, ALTOS CARGOS E O PROPIO ALCALDE

## **Posibeis filtracións de membros do concello da Coruña a La Voz de Galicia**



17/01/2015

"Á luz do acontecido, parecen fundadas as sospeitas dos defensores de A.P.C. acerca da posíbel connivencia entre funcionarios policiais que pudesen ter filtrado irregularmente o atestado policial a *La Voz de Galicia*", afirma no seu auto a Xuiza Pilar de Lara a propósito da información aparecida o xornal coruñés sobre a turbia detención do xefe de Bioloxía do Acuario da Coruña en Ferrol.

<http://esculca.gal/web/node/4633#.VT-a7ZPdWnM>

GRAN PREMIO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

## **Prohiben participar nunha regata a embarcación con lema anti-celulosa**



23/01/2015

Desde o pasado setembro, J.C.P., regatista que nos últimos meses gañou un par de competicións na ría de Pontevedra, viña exhibindo na vela da súa embarcación o lema "No celulosas". Na próxima regata non terá a opción porque os organizadores do Gran Premio Deputación de Pontevedra, financiada polo ente provincial, comunicáronlle que non pode facelo.

<http://esculca.gal/web/node/4654#.VT-bCZPdWnM>

O 27 DE XANEIRO EN PONTEVEDRA

## **Xuízo no Contencioso por multa a preferentista do Baixo Miño**



26/01/2015

A Plataforma de afectados polas Preferentes do Baixo Miño acumula xa case 50 expedientes sancionadores e máis de 20.000€ en multas. Maña (27/01) vai ser xulgada M. R., veciña de Guillarei e filla dunha afectada. Está acusada, sen probas, de repartir información, impedir o acceso á Casa Consistorial de Baiona durante a celebración dun pleno e increpar o alcalde.

<http://esulca.gal/web/node/4658#.VT-be5PdWnM>

ACTIVISTA CONTRA DESPEXOS

## **Denuncia a policía por detención ilegal e falsidade documental**



29/01/2015

O proceso xudicial iniciado contra 4 activistas de Stop-Desafiuzamentos Compostela que se solidarizaron coa familia de Aríns desafiuzada o 19/09/2014 ficou onte (29/01/2015) temporalmente suspendido por erros de forma nas notificacións a dúas das persoas citadas. "Mandáronlles o atestado mais sen saber de que os acusaban", B.G., un dos detidos naquela xornada.

<http://esulca.gal/web/node/4664#.VT-bnpPdWnM>

600 € DE MULTA + 700 € DE COSTAS

## **Condenado a pagar 1.300 euros por tentar evitar despezo de Aurélia**



30/01/2015

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº4 da Coruña vén de confirmar a través dunha sentenza a sanción económica de 600 euros imposta a X.M.C. por tratar de evitar o desafiuzamento de Aurelia, dando por válidas "acusacións incertas da policía nacional". Ademais, o Xulgado impón ao nacionalista o pagamento de costas maiores que a propia multa: 700 euros.

<http://esulca.gal/web/node/4670#.VT-bvpPdWnM>

SAÚDE E PREVENCIÓN DE TORTURA E MAUS TRATOS

## **Iniciativas parlamentares em favor dos dereitos das persoas presas na Galiza**



01/02/2015

Consuelo Martínez García, deputada do Grupo Mixto do Parlamento Galego, registou o pasado día 26/01 dúas Proposicións nom de Lei encaminhadas a avanzar na garantía do respecto dos dereitos fundamentais das persoas detidas e presas nos centros penitenciarios ubicados no territorio galego, nomeadamente o dereito à saúde e o dereito a non sufrir tortura ou maus tratos.

<http://esculca.gal/web/node/4675#.VT-b3JPdWnM>

AO ABRIGO DA LEI DE TRANSPARÊNCIA

## **EsCULcA reclama información sobre actuacións policiais em Coia**



28/01/2015

Ao abrigo da nova Lei de Transparencia, EsCULcA apresentou [escrito](#) no registo municipal de Vigo reclamando información sobre a actuación da Policía Local na rotunda de Coia onde o goberno municipal pretende instalar o barco Bernardo Alfageme. O advogado Óscar Lomba salientou que a intención é obter información sobre presumidas irregularidades e provocacións.

<http://esculca.gal/web/node/4661#.VT-b95PdWnM>

DESPOIS DE MÁIS DE 50 DÍAS

## **En estado grave despois de ser operado preso en folga de fame na Lama**



03/02/2015

J.G.C. , preso no cárcere da Lama continúa en folga de fame como protesta por vulneración de dereitos dende o 11 de decembro. Despois de aceptar sob ameazas recibir alimentación por vía intravenosa durante uns días e ser operado por deficiencia renal, con secuelas graves na perna esquerda, retomou o pasado día 28 a súa acción reivindicativa.

<http://esculca.gal/web/node/4682#.VT-cG5PdWnM>

DENUNCIAN COLECTIVOS DE APOIO A PERSOAS PRESAS

## **Preso da Lama castigado, ameazado e sancionado sen motivo**



05/02/2015

Segundo informan colectivos de apoio a persoas presas, R.G.G., interno no cárcere da Lama, recibiu graves ameazas de funcionarios da prisión durante a súa permanencia no módulo de isolamento onde foi recluso sen xustificación algunha e foi expedientado posteriormente por tres infraccións graves que tería cometido nun momento e lugar en que non estaba presente.

<http://esculca.gal/web/node/4684#.VT-cMpPdWnM>

RECLAMAN INVESTIGACIÓN IMPARCIAL E INDEPENDENTE

## **Presentan queixa no Valedor do Pobo contra atestado policial**



06/02/2015

A plataforma Stop-Desafuzamentos de Santiago de Compostela trasladou unha queixa ao Valedor do Pobo co obxectivo de que abra unha "investigación imparcial, autónoma e independente" sobre a actuación policial nunha execución de despexo o pasado 19 de setembro na parroquia compostelá de Aríns e pola que hai catro persoas en proceso xudicial por faltas.

<http://esculca.gal/web/node/4687#.VT-cS5PdWnM>

CONTRA AXENTE QUE SE NEGOU A IDENTIFICARSE

## **A Dirección Xeral da Policía notifica a EsCULcA arquivo de denuncia**



07/02/2015

Con data 02/02/2015, Raúl Sanz Ruiz, Xefe de Sección da Dirección Xeral da Policía, División de Persoal, Unidade de Rexime Disciplinar, [notificou](#) a Fernando Blanco Arce, Presidente de EsCULcA o arquivo da denuncia presentada polo noso observatorio en febreiro de 2013 contra un axente da PN que se negou a mostrar a súa placa de identificación persoal a unha cidadá.

<http://esculca.gal/web/node/4688#.VT-cY5PdWnM>

ACTUACIÓNS INNECESARIAS, EXPEDIENTES ELIMINADOS

## **Sindicatos policiais denuncian irregularidades na policía autonómica**



09/02/2015

A unidade da CNP denominada policía autonómica inflaría as súas estatísticas con actuacións innecesarias ou repetidas que non teñen despois reflexo nalgún tipo de sanción, segundo sindicatos policiais, que denuncian serias irregularidades, incluída a eliminación de expediente a xefe policial por conducir ebrio. A vicepresidencia da Xunta defende as actuacións.

<http://esculca.gal/web/node/4689#.VT-cfJPdWnM>

ATENCIÓN SANITARIA E INTEGRACIÓN NO SERGAS

## **Iniciativas no Parlamento Galego sobre dereito á saúde de persoas reclusas**



11/02/2015

A deputada Carmen Iglesias Sueiro (Grupo Mixto) presentou o pasado día 15 de xaneiro dúas preguntas sobre a atención sanitaria nos cárceres situados en territorio galego. Nota a deputada que, se bem é verdade que a Xunta de Galiza non ten competencias directas na súa xestión, o Parlamento non pode permanecer alleo á situación das persoas reclusas.

<http://esculca.gal/web/node/4697#.VT-clJPdWnM>

UUSC - FACULDADE DE FILOSOFIA - 19/02

## **Seminário sobre segurana informática organizado por EsCULcA**



11/02/2015

Com o obxectivo de deitar algo de luz sobre os perigos que enfrenta a nosa privacidade na era da informática, e de presentar algunhas ferramentas e hábitos básicos para a súa protección, EsCULcA organiza un [Seminário sobre Segurana Informática](#) que terá lugar no próximo día 19 de Fevereiro, entre as 16:00 e as 20:00, no Salom de Atos da Facultade de Filosofía da USC.

<http://esculca.gal/web/node/4693#.VT-crZPdWnM>



O PRÓXIMO DIA 18 EN OURENSE

## **Xulgados 7 xovens por participar en manifestación contra a Lei Wert**



16/02/2015

Na cuarta-feira, día 18, serán xulgados en Ourense sete xovens acusados de teren participado nunha manifestación estudantil contra a Lei Wert en outubro de 2012. A manifestación fora seguida dun protesto nas instalacións da Biblioteca Nodal da cidade que dissolveu un grupo de 20 axentes antidisturbios. Un axente tería ameazado unha menor que participaba no protesto.

<http://esculca.gal/web/node/4704#.VT-cx5PdWnM>

XULGADO DE INSTRUCCIÓN DE COMPOSTELA

## **Investigan posíbeis infraccións policiais nun despexo en Aríns**



17/02/2015

O xuíz instructor que encabeza o proceso xudicial polo despexo dunha familia de Aríns (Compostela) decidiu o 6 de febreiro abrir dilixencias previas en relación coa actuación de 5 axentes da policía española no desafiuzamento de Carlos e María o 19 de setembro de 2014 após a denuncia presentada B.G., que actuaba como mediador no conflito mais foi detido polos axentes.

<http://esculca.gal/web/node/4706#.VT-c55PdWnM>

LIMITA CONCEPCIÓN DA MENOR COMO SUXEITO DE DEREITO

## **AGAMME oponse á proposición de LO de modificación da Lei do Aborto**



20/02/2015

A Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME) fixo público un comunicado en que manifesta a súa oposición á proposición de Lei Orgánica que pretende modificar a actual Lei do Aborto nos aspectos que atinxen as persoas menores de 16 e 17 anos, así como as mulleres con capacidade modificada.

<http://esculca.gal/web/node/4710#.VT-dEZPdWnM>

BARCO ALFAGEME INSTALADO CON NOCTURNIDADE

## **Coia: cargas policiais e un mínimo de 6 persoas feridas**



19/02/2015

O traslado do barco Bernardo Alfageme a Coia foi realizado con nocturnidade e rodeado dun forte dispositivo policial. Segundo informa [VigoDixital](#), a operación policial de vixilancia da rotonda principiou por volta das 20.30 horas, cando un grupo de veciñas e veciños se achaban alí concentrados, e o traslado non comezou até a 1.30 horas da madrugada. Aí comezaron as cargas.

<http://esulca.gal/web/node/4707#.VT-dK5PdWnM>

CONCENTRACIÓN O DÍA 25 NO XULGADO DE PONTEVEDRA

## **Denuncian falsidade policial en sancións a preferentistas**



24/02/2015

Plataformas de afectados por preferentes e subordinadas de Galiza participarán na concentración que se celebrará o próximo día 25 ás 10:00 diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, coincidindo co xuízo de 2 preferentistas do Baixo Miño e 1 da plataforma de Gondomar sancionad@s inxustamente por participaren en actos pacíficos de protesta.

<http://esulca.gal/web/node/4715#.VT-dQ5PdWnM>

COLECTIVO LGTB DA CORUÑA

## **Denuncian que a Policía Nacional se nega a intervir contra agresión homófoba**



24/02/2015

A Coruña volveu ser escenario dunha nova agresión homófoba. É a denuncia que fai o colectivo de *Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais* (LGTB) da Coruña que presentou escrito ante a Fiscalía para dar conta de que os participantes na campaña “Bicos contra a violencia”, que tivo lugar o 30 de xaneiro, foron vítimas de lanzamento de ovos e a policía se negou a intervir.

<http://esulca.gal/web/node/4717#.VT-dXpPdWnM>

CONTRA O ANTERIOR PROXECTO DE LEI DO ABORTO

## **4 días en arresto domiciliario por unha pintada nun muro da estrada**



24/02/2015

D.C. e D.N. foron condenados por un xulgado da Coruña a 4 días de arresto domiciliario por realizar unha pintada nun muro da Nacional VI en xaneiro de 2014 contra o anterior proxecto de lei do aborto. A sentenza non fixa sanción económica como demandava o fiscal pois considera que non houbo “responsabilidade de dano patrimonial”.

<http://esulca.gal/web/node/4718#.VT-dfZPdWnM>

AINDA NOM VAI UM ANO DESDE A MORTE ANTERIOR

## **Aparece morto outro preso no cárcere da Lama**



10/03/2015

No módulo número 14 de primeiro grau do Centro Penitenciario da Lama apareceu enforcado o preso B.M.G., morto entre as 13h e as 16h do pasado sábado. Participava activamente na campaña Cárcere=Tortura e estaba submetido a contínuos desllocamentos por animar outros reclusos a tomaren parte das mobilizacións contra as prisons. A nova nom trascendeu até hoje.

<http://esulca.gal/web/node/4733#.VT-drpPdWnM>

DIA 17 - ÁS 10:00 DIANTE DO XULGADO

## **Concentración en Pontevedra en apoio de preferentistas sancionad@s**



16/03/2015

Membros de Plataformas de afectados por preferentes e subordinadas de Galiza participarán na concentración que se celebrará este terza-feira, dia 17, ás 10:00 diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, coincidindo co xuízo de tres preferentistas do Baixo Miño sancionad@s inxustamente por participaren en actos pacíficos de protesta.

<http://esulca.gal/web/node/4744#.VT-d0pPdWnM>

CRITICAN FALTA DE RESPOSTA E OBSCURANTISMO

## **Dereitos Civís acumula 45 denuncias contra a Garda Civil e a P. Nacional**



15/03/2015

A plataforma 'Dereitos Civís' acumula máis de corenta denuncias contra membros das FSE en Galiza. Unhas por axentes non levaren visíbel a obrigatoria identificación", outras por cargas policiais contra mobilizacións (a dos mariñeiros do cerco, p.ex.) ou actuacións 'desmedidas' con persoas retidas durante protestos ou non axustadas ao protocolo da UIP.

<http://esculca.gal/web/node/4743#.VT-d65PdWnM>

NUN ACTO EN BOIRO CONTRA A MONARQUIA

## **380 € de multa por exhibir cartaz con "ameazas e injurias á coroa española"**



20/03/2015

A abdicación de Juan Carlos I provocou en Galiza unha vaga de mobilizacións que cuestionaban o sistema monárquico e reclamaban o dereito a decidir. Unha desas accións decorreu en Boiro, onde S.M.N exhibiu un cartaz coa lenda 'Morte aos Borbóns'. Despois de a identificar, A Garda Civil denunciouna por ameazas e injurias á coroa española, tipificados como delitos.

<http://esculca.gal/web/node/4746#.VT-eC5PdWnM>

COLECTA CIDADÁ PARA SUFRAGAR OS GASTOS

## **Recurso contra sentenza que permite permanencia de simboloxía franquista**



30/03/2015

A Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36 anunciou que recorrerá ante o Tribunal Constitucional (TC) a anulación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) do fallo que obrigaba o Concello de Vigo a retirar a cruz franquista do monte do Castro e avanzou que a cantidade necesaria para interpor o recurso -uns 3.000/4.000 €- será reunida mediante colecta cidadá.

<http://esculca.gal/web/node/4760#.VT-eI5PdWnM>

POR TENTAR MOSTRAR UNHA FAIXA DE PROTESTO

## **Policía portuguesa agride representantes municipais de Salvaterra en acto oficial**



30/03/2015

Na tarde do sábado, 28 de marzo, os tres concelleiros do BNG de Salvaterra do Miño (P.M.R., E.G.P. e X.A.O.G.) foron retidos, identificados e agredidos pola policía portuguesa durante un acto de protesta pola situación da Plisán, a Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra-As Neves cando tentaban mostrar unha faixa diante do Conselleiro da Presidencia, Alfonso Rueda.

<http://esculca.gal/web/node/4761#.VT-eTZPdWnM>

A ANTERIOR FORA EN 2013

## **Vaga de multas a pesqueiros galegos por non levaren bandeira española**



31/03/2015

O instituto armado levanta en varios portos galegos acta de propostas de sanción en aplicación dun Real Decreto de 1980 que obriga a levar izado o pavillón español e en lugar ben visíbel. A multa pode chegar a 1.500 euros. En 2013 embarcacións de diferentes portos da Ría de Arousa recibiron multas e sancións por non levaren izado o pavillón español.

<http://esculca.gal/web/node/4763#.VT-eZJPdWnM>

REFERIDA A DEREITOS DE PERSOAS DETIDAS

## **EsCULcA dá conta de información parcial en Comisaría de Ourense**



31/03/2015

O 16/03/2015, EsCULcA enviou escrito á Decana do Colexio de Avogados de Ourense en que informa da exposición pública na Comisaría da cidade de textos que recollen de maneira parcial as obrigas das persoas chamadas a declarar e solicita se inicien xestións para averiguar se a deficiente información está exposta tamén noutros lugares e se obedece a unha instrución do Ministerio.

<http://esculca.gal/web/node/4765#.VT-efZPdWnM>